

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

XORNADAS ACADÉMICAS  
**'CON-FÍO EN GALICIA'**

# **MODA, ARTE, TÉXTIL**

**DO 6 AO 9 DE XUÑO DE 2016**  
MUSEO CENTRO GAIÁS.  
CIDADE DA CULTURA DE GALICIA





XORNADAS ACADÉMICAS **CON-FÍO EN GALICIA'**

# MODA, ARTE, TÉXTIL

Con motivo da exposición 'Con-Fío en Galicia', a Cidade da Cultura organiza unhas xornadas coas que reflexionar sobre o mundo da moda desde múltiples vertentes: expositiva, artística, económica e social.

A mostra de moda e téxtil da Cidade da Cultura convértese na excusa perfecta para reflexionar sobre a relación da moda coa arte: o seu papel de fonte de inspiración para diferentes creacións, a súa conversión en obxecto artístico e, polo tanto, en elemento central do discurso expositivo, facendo habitual a súa presenza en grandes museos: desde o MoMA de Nova York ao Victoria & Albert de Londres ou o Thyssen-Bornemisza de Madrid.

Da man de expertos das máis diferentes disciplinas, as xornadas académicas abordarán tamén os aspectos máis materiais da moda -como a produción téxtil, o deseño, a produción e a comercialización- e o seu papel fundamental como creadora de imaxe e de identidades persoais e colectivas. Deseñadoras como Sara Coleman, responsables de coleccións de museos como Guillermo Solana e creadores de imaxes como o fotógrafo Manuel Outumuro contribuirán a esta reflexión colectiva sobre o mundo da moda, a arte e o téxtil que pretenden ser estas Xornadas Académicas.

---

# PROGRAMA DAS XORNADAS ACADÉMICAS

---

## LUNS 6 DE XUÑO:

### MAKING OF DA EXPOSICIÓN 'CON-FÍO EN GALICIA'

A primeira sesión das Xornadas Académicas servirá para introducir aos participantes na mostra 'Con-fío en Galicia', exposición coa que a Cidade da Cultura se converte nunha pasarela de moda na que amosar a nosa historia a través do téxtil. Orixe, idea, concepto, deseño e montaxe son algunhas das cuestións ás que se poderán achegar os participantes destas xornadas.

#### SESIÓN DE MAÑÁ: 10:15-13:45 H.

- *Presentación e introducción das Xornadas Académicas.* **Fátima Díez Platas**. Directora das Xornadas Académicas e profesora de Historia da Arte da USC.
- *A xestión do proxecto expositivo.* **María Pereira Otero**. Directora de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- *Orixe, idea e concepto do proxecto expositivo.* **Miguel Anxo Seixas Seoane**. Comisario da exposición Con-fío en Galicia e historiador.
- *Deseño integral e montaxe do proxecto Con-fío en Galicia.* **Pepe Barro**. Deseñador gráfico e responsable da montaxe expositiva da mostra e do catálogo.
- *Deseño e montaxe expositivo de Con-fío en Galicia.* **Oja Arquitectura (Olivia Fernández Feijóo e Javier Rodríguez García)**. Arquitectos e co-deseñadores da montaxe expositiva da mostra Con-fío en Galicia.

#### SESIÓN DE TARDE: 16:00-20:00 H.

Visita guiada á exposición *Con-Fío en Galicia*. Conducida por Miguel Ángel Cajigal Vera, guía do departamento de visitas da Fundación Cidade da Cultura.

---

## MARTES 7 DE XUÑO:

### MODA, PENSAMENTO ESTÉTICO E ARTE: INSPIRACIÓN, CREACIÓN, EXPOSICIÓN

Esta xornada está dedicada aos aspectos estéticos da moda e da creación, que implica unha reflexión sobre a cuestión das tendencias e a relación da moda coa historia da arte e coas propias creacións artísticas, así como a cuestión da exposición de moda no museo ou nos espazos habitualmente dedicados á chamada "grande arte".

#### SESIÓN DE MAÑÁ: 10:15-13:45 H.

- *A moda nas exposicións temporais dos grandes museos de arte.* **Guillermo Solana**, director artístico do Museo Thyssen-Bornemisza de Madrid.
- *Entre o permanente e o efémero.* **Juan Gutiérrez**, comisario de exposicións e conservador de coleccións contemporáneas do Museo do Traxe.

#### SESIÓN DE TARDE: 16:15-19:45 H.

- *Encontros híbridos entre a arte, o deseño e a moda. O téxtil como interface.* **Sara Coleman**, deseñadora e artista multidisciplinar.
- *Historia, moda e ficción.* **Arantza Vilas**, deseñadora e fundadora de Pinaki Studios, Londres, especializado en deseño de vestuario para produción de televisión e cine.
- *Moda, arte e pensamento estético.* **Fátima Díez Platas**, directora das xornadas.

# PROGRAMA DAS XORNADAS ACADÉMICAS

## MÉRCORES 8 DE XUÑO:

### MODA, TRABALLO, ECONOMÍA: DA MODA COMO ARTE APLICADA Á INDUSTRIA'

O terceiro día das xornadas estará adicado aos aspectos máis materiais da moda, que implican o seu valor como industria e motor da economía e o traballo, así como a concepción da moda como arte aplicada en relación coa produción téxtil, o deseño e todo o que implica o vestido, a súa produción e a súa comercialización.

#### SESIÓN DE MAÑÁ: 10:15-13:45 H.

- *A industria téxtil galega na historia contemporánea.* **Elvira Lindoso Tato**, profesora doutora de Historia e institucións económicas. Departamento de Economía Aplicada I da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña.
- *Modelos de negocio e ventaxas competitivas das empresas galegas do sector moda.* **Alberto Rocha Guisande**, secretario xeral de Cointega (Clúster galego Téxtil Moda-Confederación de industrias textiles de Galicia).
- *Algúns apuntes sobre o deseño de moda hoxe.* **Lola Dopico**, Directora de Esdemga (Escola Superior en Deseño Téxtil e Moda de Galicia' da Universidade de Vigo).

#### SESIÓN DE TARDE: 16:15-19:45 H.

- *O deseño dos espazos comerciais da moda galega.* **Iago Seara**, arquitecto, profesor doutor na ETSA da Coruña e arquitecto deseñador de tendas de moda para Adolfo Domínguez e Antonio Pernas.
- *Latitude. Contemporary Fashion Makers.* **María Almazán**, CEO de Latitude.
- *O valor dunha marca de moda: creatividade, industria e posicionamento.* **María Barros**, Deseñadora de moda e directora creativa en María Barros.

## XOVES 9 DE XUÑO:

### MODA, IDENTIDADE, IMAXE

As xornadas académicas Con-fío en Galicia péchanse cunha xornada centrada na moda e na imaxe en sentido estricto. O obxectivo será reflexionar sobre o papel da ilustración e da fotografía, así como da moda como creadora de imaxe e de identidades persoais e colectivas, especialmente en relación coas redes sociais na actualidade.

#### SESIÓN DE MAÑÁ: DE 10:15 A 14:15 H.

**Manuel Outumuro.** Master class sobre fotografía e moda a cargo de Manuel Outumuro, un dos fotógrafos artísticos máis recoñecidos do noso país. As súas fotografías de moda constitúen un documento único que reflexa boa parte da historia da moda nestes últimos vinte anos. Por diante da súa cámara tamén pasaron, e seguen pasando, case todos os actores, actrices e directores do noso cine, así como un gran número de personalidades de diferentes ámbitos culturais.

#### SESIÓN DE TARDE: DE 16:15 A 19:45 H.

- *A ilustración de moda na comunicación das tendencias.* **Marta Riera Táboas**, Ilustradora, docente e investigadora. Profesora de debuxo e ilustración na Esdemga.
- *A comunicación da moda e o fenómeno Galicia Moda nos anos 80.* **Nuria Carballo**, Directora da Axencia de comunicación e publicidade Unconventional London e Profesora na Universidade de Vigo.
- *Reflexións sobre moda, identidade e imaxe.* **Fátima Díez Platas**, Directora das Xornadas Académicas.

---

# PROGRAMA E DESENVOLVEMENTO DAS XORNADAS

Data: 6, 7, 8 e 9 de xuño de 2016.

Lugar: Aula Seminario do Museo Centro Gaiás.

Dirección: Fátima Díez Platas. Profesora en Historia da Arte. Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Coordinación: Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura.

Nº de horas: 22 horas.

Horario: Mañás: de 10:15 a 13:45 | Tardes: de 16:15 a 19:45 h.

Matriculación: de balde.

Prazas: 55.

Criterio de selección: por rigorosa orde de inscrición ata completar prazas.

Inscrición: [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal).

## **1 ETCS da Universidade de Santiago**

Criterio para a obtención do crédito: asistencia mínima ao 85% das xornadas. Comprobarase mediante firma de asistencia nas sesións de mañá e tarde.

A Cidade da Cultura entregará o último días das xornadas un certificado de asistencia a todos aqueles participantes que cumpran cos requisitos. No caso de non recollerse ese día, os participantes poderán facerse co documento no mostrador de entrada do Museo Centro Gaiás durante a semana posterior ás xornadas.





**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA